

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE ABRIL DE 2018**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2018.	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual abril 2018	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en abril de 2018.	20
6.4.	Evolución da precipitación en abril de 2018	22
7	VENTO	23
8	RADIACIÓN SOLAR	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal.	28
9	RAIOS	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 14/05/2018



Mes húmido, con temperaturas normais para a época.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

A principal característica deste mes foi a variabilidade nas situacións meteorolóxicas. Tivemos un tempo propio do inverno nas dúas primeiras semanas, con chuvias intensas e baixas temperaturas, cambiando o panorama nos seguintes días, ata acadar temperaturas propias do verán na segunda quincena. Pero aínda antes de rematar o mes, nas dúas derradeiras xornadas vivimos un episodio de frío e precipitacións, máis propio do inverno que da primavera. Estes cambios bruscos non se reflicten nas medias de temperatura, que quedan moi preto da normalidade, pero si nos datos de chuvia, xa que as precipitacións dos primeiros 15 días estiveron en xeral por riba dos valores normais.

Así, o mes comezaba no día 1 co achegamento dunha borrasca dende o noroeste, a cal afectou á Comunidade principalmente os días 2, 3 e 4, deixando 3 xornadas de precipitación xeneralizada, temperaturas baixas para a época do ano e ventos intensos.

O día 5 foi máis tranquilo en terra, de transición, sen chuvia, pero foi unha transición moi curta, xa que na xornada do 6 outra nova borrasca activa e con moito aire frío chegaba dende a zona de Islandia-Groenlandia, para deixar un novo período de marcada inestabilidade entre os días 6 e 9, rexistrándose chuvias de tipo intermitente nestas xornadas, pero bastante xeneralizadas. De novo as temperaturas foron baixas neste período. Sen solución de continuidade, outra borrasca de similares características chegaba a Galicia, deixando un novo período entre o 10 e o 13 de máis inestabilidade, chuvias e frío. Os días 14 e 15 foron de transición, xa que unha nova borrasca chegaba dende o noroeste, pero soamente conseguiu afectar a nosa Comunidade no límite do seu radio de acción, de xeito que aínda que tivemos algunhas precipitacións, foron máis escasas que as de xornadas anteriores e tamén as temperaturas foron algo máis elevadas.

O cambio máis notable do mes comezou a partir do día 16. Unha borrasca moi profunda formouse no centro do Atlántico, pero as altas presións dos Azores uníronse ás de Escandinavia, formando unha barreira que impediu que esa borrasca chegase a Galicia, de forma que comezamos un período máis estable. A única afectación desa borrasca tivémola no litoral, onde a pesar do tempo tranquilo en terra, rexistrouse mar de fondo elevado.

As temperaturas foron subindo rapidamente nos días 16 e 17, polo que as xornadas do 18 e 19 foron de sol e calor en toda a Comunidade.

A partir do día 20, a gran borrasca do centro do Atlántico desapareceu, pero unha zona de aire frío en altura situouse sobre o Golfo de Cádiz, deixando intervalos de nubes medias e altas que propiciaron un descenso das temperaturas e mesmo algunhas chuvias febles e illadas entre o 20 e o 23.

A partir do 24 de novo as altas presións dominaron a situación, polo que tivemos 3 xornadas de predominio anticiclónico con ventos do nordés, que deixaron tempo seco pero cun forte contraste de temperatura entre o norte e o sur de Galicia, quedando no terzo norte as temperaturas moi contidas, mais subindo con forza na metade sur, onde mesmo chegaron a superarse os 30°C en puntos do interior.

O 27 e 28 foron xornadas de transición co achegamento dunha nova borrasca que afectou a Galicia, principalmente nos dous derradeiros días do mes. Destaca o día 30 no que tivemos unha xornada de frío en toda a Comunidade, con neve nas zonas de montaña e precipitacións bastante persistentes.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) pódese observar unha anomalía negativa moi forte ao oeste de Irlanda, que en Galicia trouxo ventos predominantes de suroeste e gran inestabilidade na primeira metade do mes e nas últimas xornadas do mesmo. Pódese apreciar como o anticiclón quedou relegado ao oeste dos Azores.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Abril-2018.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Abril-2018.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

	ABRIL 2018 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.3/13.2	13.0	16.5 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	10.5/10.3	9.9	12.5 (2011)	7.0 (1986)
Tª mínima absoluta	7.6/6.4 (día 10)	2.0 (12/04/1951)		
Tª mínima máis alta	13.1/12.9 (día 17)	19.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	16.1/16.2	16.0	20.4 (2011)	12.9 (1986)
Tª máxima absoluta	22.4/24.7 (día 18)	31.6 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.6/12.0 (día 10)	8.6 (05/04/1968)		
Precipitación acumulada	61	67-83	232 (1998)	0 (1938)
Días de chuvia (≥1mm)	15	13	27 (1998)	0 (1938)

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas máximas e media, mentres que as mínimas resultaron cálidas.

A precipitación rexistrada estivo lixeiramente por debaixo do rango de valores normais, sen embargo, o número de días de chuvia foi superior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2018 Temperatura: 1948-2018

SANTIAGO

	ABRIL 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	12.1	12.2	16.5 (2011)	8.3 (1986)
Tª mínima media	7.8	7.5	10.7 (2011)	4.0 (1986)
Tª mínima absoluta	2.4 (día 11)	-1.3 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	11.1 (día 21)	15.4 (07/04/2011)		
Tª máxima media	16.4	16.9	22.3 (2011)	12.6 (1986)
Tª máxima absoluta	25.6 (día 20)	31.0 (07/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	10.0 (día 10)	5.8 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	205	100-141	405 (1998)	28 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	15	15	28 (1998)	3 (2017)

Comentario: Mes normal en xeral para todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada é superior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase húmido. O número de días de chuvia, sen embargo, acadou o valor climático normal.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2018. Temperatura: 1982-2018



LUGO

	ABRIL 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	11.4	10.6	14.8 (2011)	7.1(1986)
Tª mínima media	5.5	5.2	8.3 (2011)	2.9 (1986)
Tª mínima absoluta	0.9 (día 11)	-3.7 (13/04/1986)		
Tª mínima máis alta	10.8 (día 24)	15.0 (03/04/1985)		
Tª máxima media	17.2	16.0	21.4 (2011)	11.3 (1986)
Tª máxima absoluta	27.5 (día 18)	31.7 (08/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	10.1 (día 29)	5.0 (21/04/1995)		
Precipitación acumulada	108	62-73	322 (1998)	8 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	13	13	25 (1998)	4 (1982)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, co que o mes resultou húmido a pesar de que o número de días de chuvia é o agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2018. Temperatura: 1981-2018

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	ABRIL 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.6	13.1	17.3 (2011)	10.0 (1986)
Tª mínima media	8.8	7.8	11.1 (2011)	4.6 (1986)
Tª mínima absoluta	1.7 (día 11)	-1.5 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 20)	14.7 (28/04/1997)		
Tª máxima media	18.4	18.4	23.5 (2011)	15.0 (1978)
Tª máxima absoluta	29.9 (día 20)	31.2 (06/04/2011)		
Tª máxima máis baixa	12.1 (día 10)	9.1 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	182	96-134	430 (2000)	16 (2017)
Días de chuvia (≥1mm)	17	14	28 (1998)	2 (2017)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que as máximas foron normais.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normal, resultando un mes húmido. Isto reflíctese no número de días de chuvia que tamén foi superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2018. Temperatura: 1958-2018



OURENSE

	ABRIL 2018	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.6	13.3	17.4 (2011)	9.3 (1986)
Tª mínima media	7.1	6.7	9.2 (1984)	3.2 (1973)
Tª mínima absoluta	2.0 (día 11)	-3.2 (06/04/1975)		
Tª mínima máis alta	12.2 (día 20)	14.8 (13/04/1988)		
Tª máxima media	20.1	19.8	25.6 (2011)	15.0 (1986)
Tª máxima absoluta	31.9 (día 24)	32.9 (07/04/1987)		
Tª máxima máis baixa	11.3 (día 29)	8.0 (03/04/1987)		
Precipitación acumulada	135	45-65	189 (2000)	12 (1982)
Días de chuvia (≥1mm)	14	11	25 (2000)	3 (2017)

Comentario: O mes nesta localidade resultou normal en canto á temperatura.

A precipitación rexistrada foi moi elevada con respecto ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido, como tamén reflicte o número de días de chuvia, superior ao valor climático agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2018. Temperatura: 1972-2018*

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias estiveron moi preto da normalidade. Tivemos baixas temperaturas nas dúas primeiras semanas, sen embargo, a anomalía negativa quedou cancelada pola presenza de dous períodos cálidos na terceira e cuarta semana do mes.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de abril de 2018.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de abril para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 15.5 °C. Os valores máis altos rexistráronse no Miño ourensá, con valores próximos aos 21 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse principalmente nas zonas altas da Comunidade, destacando Cabeza de Manzaneda e Pena Trevinca, con valores moi próximos aos 5 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de abril para o territorio galego foi de 6.0 °C, onde nos lugares de alta montaña da provincia de Ourense rexistraron os valores máis baixos, destacan tamén algunhas rexións da comarca da Limia. Os valores máis altos déronse no litoral da comarca de Vigo e na península do Morrazo con valores próximos aos 11 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de abril de 2018.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de abril, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de 0.5 °C. Neste mes, existe un gran contraste entre o leste e o terzo norte da Comunidade que resultou cálido, con anomalías positivas que mesmo chegaron aos 2.3 °C, e oeste da mesma, onde ata houbo anomalías negativas de temperatura que case chegaron a -1.0 °C, por exemplo, nas Rías de Muros e Noia.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de abril respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse na provincia de Lugo. No litoral oeste da Comunidade (Táboa 2), houbo localidades que mesmo resultaron frías para a época do ano.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Negueira de Muñiz	Lugo	2.2
Navia de Suarna	Lugo	1.9
Mondoñedo	Lugo	1.9
Riotorto	Lugo	1.7
Becerreá	Lugo	1.6
Nogais (As)	Lugo	1.6
Lourenzá	Lugo	1.6
Abadín	Lugo	1.6
Pontenova (A)	Lugo	1.6
Ribeira de Piquín	Lugo	1.5

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de abril de 2018.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carnota	A Coruña	-0.7
Fisterra	A Coruña	-0.6
Ribeira	A Coruña	-0.6
Corcubión	A Coruña	-0.5
Fornelos de Montes	Pontevedra	-0.5
Vilanova de Arousa	Pontevedra	-0.4
Illa de Arousa (A)	Pontevedra	-0.4
Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	-0.4
Grove (O)	Pontevedra	-0.4
Cuntis	Pontevedra	-0.4

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de abril de 2018.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 20 e o 24 de abril, rexistráronse os valores máis altos de temperatura, por debaixo e por enriba dos 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/04/2018	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	34.8
24/04/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	32.5
24/04/2018	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	32.0
24/04/2018	Ourense	OURENSE	Ourense	31.9
24/04/2018	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	31.6
24/04/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	31.0
20/04/2018	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	30.9
20/04/2018	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	30.9
20/04/2018	Areas	TUI	Pontevedra	30.7
24/04/2018	Xabrega	SOBER	Lugo	30.7

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/04/2018	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	26.0
24/04/2018	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	25.7
24/04/2018	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	24.7
24/04/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	24.0
24/04/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	23.8
24/04/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	23.6
24/04/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	23.2
24/04/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	22.9
18/04/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	22.1
24/04/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	22.0

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de abril de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de abril de 2018 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destacou o día 11, no que as temperaturas acadaron valores negativos por riba e por debaixo dos 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2018				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
11/04/2018	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-5.4
11/04/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-5.0
11/04/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.5
11/04/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.4
11/04/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	-2.4
11/04/2018	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.3
11/04/2018	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.1
11/04/2018	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.9
11/04/2018	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-1.6
11/04/2018	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-0.6

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2018 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2018				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/04/2018	Lanzós	VILALBA	Lugo	-1.7
11/04/2018	Melide	MELIDE	A Coruña	-1.2
11/04/2018	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	-1.2
30/04/2018	Baltar	BALTAR	Ourense	-1.1
11/04/2018	Arzúa	ARZÚA	A Coruña	-0.7
11/04/2018	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-0.6
10/04/2018	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	-0.4
10/04/2018	Melide	MELIDE	A Coruña	-0.4
11/04/2018	Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	-0.4
11/04/2018	Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	-0.4

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de abril de 2018 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018 para esta serie foi 12.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2018 para abril.

A anomalía media da temperatura para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.39 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente cálido, o precedente máis frío foi o ano 2016. As temperaturas máximas resultaron normais cunha anomalía positiva de +0.22 °C, mentres que as mínimas presentaron unha anomalía máis alta de +0.6 °C, resultado o mes cálido tendo en conta as mesmas.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en abril, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias quedaron en xeral por riba das agardadas nesta época do ano, debido á persistencia e a actividade das borrascas que chegaron nas dúas primeiras semanas, as cales deron lugar a precipitacións no conxunto da Comunidade, superando en xeral o valor normal dun mes de abril.

A chuvia media neste mes, obtida a partir dos valores do mapa (figura 4) foi de 149 L/m², os valores máis altos rexistrados déronse no concello de Fornelos de Montes, onde se superaron os 360 L/m². Neste caso, a precipitación foi máis elevada no oeste da Comunidade, como é normal nesta época do ano, aínda que destacan tamén as zonas máis elevadas das provincias de Lugo e Ourense. Os valores máis baixos déronse na comarca de Valdeorras.

6.1. Precipitación acumulada mensual abril 2018




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de abril de 2018.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de abril con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi de máis dun 26 % por riba dos valores normais no período de referencia 1981-2010. Destaca a Baixa Limia, onde a porcentaxe de precipitación acumulada supera o 200% por riba do normal, pero tamén toda a zona das comarcas de Ortelgal e o norte da de Ferrol presentou unha anomalía moi baixa, con ata un 55% por debaixo do normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de abril de 2018.

6.3. Días de chuvia en abril de 2018

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 14.3. Os valores máis altos tiveron lugar no terzo norte da Comunidade e na Costa da Morte, onde se acadaron máis de 19 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse nas comarcas de Verín e Valdeorras, con valores próximos aos 9 días.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m^2 durante o mes de abril de 2018.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de abril. Pódese observar que as precipitacións acumuladas máis altas acadadas este mes superan os 200 L/m², en moitas localidades. Destacan as localidades das provincias de A Coruña e Pontevedra. As primeiras xornadas do mes rexistraron os valores acumulados máis importantes.

Precipitacións acumuladas máximas en abril de 2018			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	366
Muralla	LOUSAME	A Coruña	348
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	282
Cespón	BOIRO	A Coruña	277
Costa	ROIS	A Coruña	275
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	263
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	257
Lesende	LOUSAME	A Coruña	249
Castrove	POIO	Pontevedra	244
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	244

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de abril de 2018.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	85	01/04/2018 22:00
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	73	02/04/2018 02:00
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	70	01/04/2018 20:10
Costa	ROIS	A Coruña	68	01/04/2018 22:10
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	66	03/04/2018 02:50
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	65	02/04/2018 03:40
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	57	01/04/2018 21:50
Cespón	BOIRO	A Coruña	56	01/04/2018 21:50
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	55	01/04/2018 22:00
Amiudal	AVIÓN	Ourense	55	02/04/2018 03:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de abril de 2018.

6.4. Evolución da precipitación en abril de 2018

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2018, para esta serie, foi 150 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2018 para abril.

A anomalía media das precipitacións para este mes de abril en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 31 % por encima do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como húmido, o precedente máis húmido atópase no ano 2016, cunha porcentaxe de precipitación similar.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en abril, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Nas primeiras xornadas do mes, destacando a do día 3, tal e como se pode observar na Táboa 9, en moitas localidades acadáronse ventos moi fortes.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en abril				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
03/04/2018	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	136.3
03/04/2018	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	129.9
03/04/2018	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	128.9
03/04/2018	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	127.3
03/04/2018	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	124.2
03/04/2018	Muralla	LOUSAME	A Coruña	115.9
03/04/2018	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	112.8
03/04/2018	Lira	CARNOTA	A Coruña	110.4
03/04/2018	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	109.8
03/04/2018	Fragavella	ABADÍN	Lugo	106.2
03/04/2018	Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	105.8
03/04/2018	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	105.2
03/04/2018	Ancares	CERVANTES	Lugo	100.8

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de abril.



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	110.4	S	8		
		Día 3				
Pta. Candieira	Cedeira	128.9	NE	6		
		Día 3				
Malpica	Malpica	98.0	SO	4		
		Día 3				
Marco da Curra	Monfero	96.6	SO	8		
		Día 3				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de abril de 2018 na provincia de A Coruña.





PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	93.1	S	10		
		Día 3				
Ancares	Cervantes	100.8	S	6		
		Día 3				





Táboa 11: Resumo vento no mes de abril de 2018 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	87.8	SO	8		
		Día 10				
Rodicio	Maceda	81.5	SO	10		
		Día 3				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandarela	Celanova	63.4	NO	27		
		Día 3				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de abril de 2018 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	91.9	S	8		
		Día 3				
Ons	Bueu	95.8	S	4		
		Día 3				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de abril de 2018 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de abril de 2018.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de Meteogalicia rexistrou neste mes de abril 1564 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse principalmente na segunda metade do mes (figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en abril de 2018.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como se pode ver, as provincias de Pontevedra e Lugo, tiveron este mes un rexistro similar, mentres que A Coruña e Ourense, presentaron un número significativo menor.

nº de raios detectados en abril de 2018 por provincias




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en abril de 2018.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en abril en Galicia dende o ano 2010 ao 2018. Nesta gráfica pódese observar como este neste mes os raios rexistrados foron similares aos de anos anteriores (2012, 2014).



Figura 17: Número total de raios rexistrados en abril dende 2010 a 2018.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 4

Provincia Estación	T ^a °C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
A Coruña																									
A Gándara	9.1	12.32	23.4	21	7.0	2.3	10	175	25.8	6	114	88	97	70	36	146	1441	26	124	3	979	20	0		
Aldea Nova	11.2	15.64	23.9	21	7.8	4.3	11	106	18.6	2	24	83	97	63	42	170	1519	9	78	3	979	17	0		
Arzúa	10.5	16.31	25.5	20	5.5	-0.7	11	158	42.2	2	75	83	99	57	42	167	1548	8	72	3	968	17	1		
Camariñas	12.4	14.11	20.0	18	10.3	7.3	10	75	20.9	6	0	84	94	71	44	177	1581	23	94	3	1012	19	0		
Cariño	12.7	15.43	22.7	17	9.7	7.2	12	84	14.0	2	0	80	94	66	41	164	1528	14	97	3	1011	16	0		
Cespón	12.8	17.85	28.8	20	8.6	2.4	11	276	47.1	6	190	84	98	60	45	181	1568	9	62	3	1007	18	0		
CIS Ferrol	12.8	17.27	25.6	21	8.9	5.2	11	96	16.7	4	0	79	97	56	52	209	1734	12	81	3	1008	17	0		
Corrubedo	13.0	17.24	27.7	20	9.8	5.0	11	163	27.5	6	68	80	93	62	50	202	1718	15	88	3	1008	18	0		
Coruña-Dique	12.6	14.98	22.9	18	10.1	6.1	11	65	10.4	10	-	77	90	62	-	-	-	19	86	3	1011	17	0		
Coruña-Torre de Hércul	13.0	16.11	22.4	18	10.5	7.6	10	61	9.3	10	-	74	86	59	-	-	-	-	-	-	-	18	0		
*Costa	11.8	16.82	27.4	20	7.7	1.5	11	275	56.9	2	-	86	99	65	-	-	-	5	45	2	991	18	0		
*Coto Muiño	10.4	15.52	23.8	21	6.3	0.4	28	176	25.4	6	-	92	100	69	-	-	-	5	61	3	-	19	0		
Fontecada	9.8	14.12	23.0	21	6.6	2.8	28	282	48.9	2	209	83	94	63	38	153	1442	14	88	3	969	18	0		
*Guísamo	12.0	16.6	25.8	18	8.4	4.4	11	103	14.6	9	-	74	88	53	-	-	-	3	52	3	991	18	0		
*Lesende	11.9	16.33	27.0	20	8.3	3.2	11	248	32.9	6	140	76	88	58	39	156	1472	9	55	1	992	18	0		
Lira	11.9	15.23	24.5	20	9.4	5.2	10	124	27.1	6	43	83	96	68	46	187	1621	24	110	3	-	16	0		
Mabegondo	11.7	16.74	25.6	18	6.7	1.6	11	105	25.7	2	22	85	99	63	44	178	1646	9	90	3	1001	17	0		
Malpica	11.4	15.08	24.0	18	8.7	5.6	10	79	13.7	6	3	84	96	67	45	181	1582	21	97	3	992	20	0		
Marco da Curra	8.9	13.51	22.9	20	5.5	1.5	10	112	18.4	4	37	84	95	63	40	163	1487	19	96	3	937	17	0		
Melide	10.4	16.9	26.5	18	5.1	-1.2	11	129	22.0	3	41	80	97	53	41	166	1560	7	62	3	957	16	2		
Muralla	8.8	12.62	24.0	20	5.9	0.7	10	348	60.8	6	297	91	100	75	32	130	1153	25	115	3	935	20	0		
*O Val	12.4	16.82	24.8	18	8.0	4.1	28	84	16.9	2	-	79	93	61	-	-	-	5	57	3	1003	18	0		
Olas	9.9	14.8	23.4	18	6.1	1.0	11	161	37.9	2	90	87	100	62	40	161	1453	15	93	3	-	19	0		
*Ordes	10.7	15.98	23.9	21	5.8	0.5	11	171	42.9	2	-	80	93	58	-	-	-	5	54	3	979	18	0		
*Paramos	10.2	14.51	22.1	21	6.6	3.0	28	202	45.0	2	-	90	100	71	-	-	-	10	64	3	969	17	0		
*Pazo de Galegos	11.9	17.28	27.0	20	7.7	1.5	11	165	34.0	2	69	85	98	62	42	158	1526	5	51	3	985	19	0		
Punta Candieira	11.4	14.31	24.0	21	9.0	5.8	10	43	8.4	10	-36	82	95	68	43	171	1599	29	128	3	981	15	0		
Punta Langosteira	12.6	14.53	19.7	17	10.4	7.4	10	55	13.3	10	-	79	91	65	46	186	1606	19	105	3	1009	14	0		
Río do Sol	8.7	12.64	21.3	18	6.0	2.5	10	209	45.0	2	156	90	99	70	35	141	1338	23	98	3	948	20	0		
*Rus	11.7	16.03	24.9	21	7.6	3.8	11	133	25.4	6	-	84	97	64	-	-	-	6	67	1	996	18	0		
Sálvora	13.0	15.35	24.3	20	11.0	7.2	10	173	33.6	6	83	82	92	69	54	215	1773	24	85	3	-	18	0		
Santiago-EOAS	11.4	16.36	25.6	20	7.8	2.4	11	204	33.8	2	123	83	98	59	38	155	1479	9	80	3	982	17	0		
Santiago-San Lázaro	11.0	15.57	24.8	20	7.5	2.6	11	168	31.2	2	87	80	93	59	39	156	1478	11	74	3	976	18	0		
Sergude	11.6	17.06	26.8	20	7.2	1.1	11	175	44.9	2	-	82	98	57	37	151	1440	-	-	-	-	17	0		
Serra da Faladoira	9.3	14.03	25.1	18	5.9	2.7	10	176	25.3	2	100	83	97	60	40	162	1517	18	88	3	945	18	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Xeada				
Ourense																										
A Mezquita	8.6	13.79	25.7	24	4.0	-0.4	9	133	31.6	3	36	75	91	54	47	187	1684	10	66	3	897	16	7			
*A Portela	12.6	19.02	29.6	24	6.9	1.0	11	93	21.0	3	-9	70	95	43	44	177	1642	7	45	3	-	15	0			
*A Trabe	10.2	15.13	26.5	24	6.0	0.8	11	128	36.9	3	35	74	90	54	45	181	1610	5	50	3	923	14	0			
Alto do Rodicio	8.0	12.73	24.6	24	4.1	-0.2	8	136	23.1	10	62	84	98	62	39	159	1522	15	81	3	900	16	2			
Amiudal	10.4	16.29	28.3	24	6.1	1.6	10	227	43.4	2	138	78	94	54	43	172	1578	12	88	3	948	19	0			
As Petarelas	11.4	17.8	28.8	24	5.9	-0.2	11	80	22.5	3	-	71	92	45	48	192	1769	-	-	-	-	12	1			
Baltar	8.8	14.64	26.3	24	2.7	-1.1	30	114	27.8	3	25	78	99	52	47	189	1705	6	64	3	920	13	5			
Cabeza de Manzaneda	3.0	5.75	17.0	24	0.3	-5.0	11	87	18.7	2	20	85	97	69	51	204	1843	25	109	3	819	18	20			
*Calvos	8.1	14.06	25.4	24	-	-	28	153	25.1	4	84	82	99	57	40	162	1582	10	60	3	-	17	-			
Casaio	7.5	11.55	22.0	24	3.9	-1.9	11	64	10.6	23	-	72	90	52	-	-	-	8	87	3	-	18	4			
*Corzos	7.1	12.66	24.0	24	2.3	-1.6	11	143	28.6	3	-	78	93	56	-	-	-	9	55	3	-	19	8			
Entrimo	9.7	15.28	27.0	24	5.3	0.2	11	231	65.2	3	-	82	96	61	33	135	1427	-	-	-	-	16	0			
*EVEGA Leiro	12.7	20.58	32.5	24	6.4	1.0	11	131	19.8	6	-	76	95	46	-	-	-	2	51	3	999	14	0			
Gandarela	10.7	17.02	29.0	24	6.3	1.0	11	103	17.9	10	14	78	94	55	41	166	1563	8	63	3	941	15	0			
Lardeira	5.0	10.29	22.9	24	1.0	-4.5	11	56	12.5	3	-20	80	96	58	41	164	1590	23	129	3	833	19	18			
*Larouco	11.9	17.94	28.4	24	6.6	1.4	11	54	14.9	10	-	64	84	41	-	-	-	5	41	6	952	11	0			
Laza	10.9	17.3	29.1	24	5.7	2.2	16	118	20.8	3	28	75	95	48	43	174	1624	6	54	4	-	15	0			
Monte Medo	10.5	16.21	27.3	24	5.6	0.9	10	119	21.0	6	-	77	95	52	40	160	1577	-	-	-	-	16	0			
O Invernadeiro	7.6	13.66	26.0	24	2.5	-0.2	16	210	43.6	3	131	81	97	58	41	166	1537	9	60	3	896	16	5			
Ourense	12.9	20.1	31.9	24	7.1	2.0	11	134	18.8	6	-	71	92	42	-	-	-	-	-	-	-	16	0			
Ourense-Estacións	13.6	20.48	32.0	24	8.1	2.7	11	115	16.9	3	15	71	91	43	42	169	1586	4	65	3	997	14	0			
*Pazo de Fontefiz	11.5	17.23	28.4	24	6.8	0.2	11	151	27.6	3	59	73	88	51	40	162	1537	5	39	3	964	18	0			
*Ponte Boga	11.8	17.56	29.0	24	6.8	3.2	30	92	26.9	3	-9	64	83	42	39	156	1583	6	46	3	957	16	0			
*Prado	12.7	19.88	31.6	24	7.0	2.4	11	134	33.9	3	-	76	93	49	-	-	-	3	40	3	997	13	0			
Remuíño	12.9	21.4	34.8	24	6.8	2.4	11	146	38.0	3	55	79	97	45	37	147	1486	3	48	3	-	16	0			
*Riós	9.7	15.35	27.6	24	4.7	-0.3	11	101	20.4	3	14	78	96	54	39	158	1574	4	39	3	-	14	1			
San Xoán de Río	7.9	13.03	23.5	24	3.7	-0.6	11	86	19.9	3	3	81	96	58	43	174	1656	14	77	3	895	18	4			
Serra do Eixe	7.1	11.64	23.1	24	3.1	-2.4	11	106	29.5	3	30	83	96	62	42	170	1566	17	105	3	874	18	6			
Verín-Vilamaior	11.5	17.53	29.5	24	6.3	1.3	11	97	17.4	6	0	73	92	49	44	175	1634	8	56	3	949	12	0			
Verín-Vilela	11.5	18.72	31.0	24	4.8	-0.6	11	77	17.1	6	-16	76	98	48	45	179	1614	6	58	3	-	11	1			
Viana do Bolo	9.5	15.09	26.4	24	4.4	0.7	16	86	19.9	3	-4	76	93	53	45	179	1655	11	67	3	915	15	0			
Xares	3.5	6.68	18.3	23	0.5	-5.4	11	60	7.6	2	-13	85	97	68	47	186	1730	16	86	3	819	21	19			
Xinzo	10.2	15.87	26.3	24	5.0	0.8	10	96	18.7	3	9	80	98	55	40	160	1617	11	70	3	940	14	0			
Xurés	7.9	12.57	24.7	24	4.2	-0.3	11	197	40.0	3	114	80	95	60	44	176	1659	17	87	10	893	16	4			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 4

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
*A Armenteira	11.2	15.74	27.4	20	7.0	1.2	11	256	48.2	6	171	78	85	65	40	160	1516	8	67	3	-	-	-	-	18	0	
A Granxa	13.0	19	29.2	20	7.6	0.8	11	192	33.8	6	101	78	97	52	41	166	1547	5	55	2	1008	-	-	-	18	0	
A Lanzada	12.8	17.24	28.1	20	8.9	2.4	11	211	33.4	2	122	83	95	66	51	206	1698	19	90	3	-	-	-	-	18	0	
*Areas	13.1	19.64	30.7	20	8.4	1.4	11	214	40.2	6	-	79	96	54	-	-	-	1	42	3	-	-	-	-	16	0	
*Areiro	13.0	17.9	28.5	20	9.0	3.3	11	213	34.1	6	-	78	92	59	-	-	-	4	36	25	1003	-	-	-	18	0	
*As Eiras	13.0	17.97	28.7	20	8.5	1.7	11	168	34.4	6	75	81	97	58	46	185	1648	5	52	3	1007	-	-	-	18	0	
*Barrantes	12.6	17.53	28.7	20	7.9	1.0	11	207	40.6	2	121	81	95	61	45	180	1534	5	60	3	-	-	-	-	18	0	
Cabo Udra	12.9	16.68	24.1	20	10.1	5.6	11	178	34.6	6	84	82	94	66	52	208	1793	20	96	3	-	-	-	-	17	0	
Caldas de Reis	11.6	16.66	27.3	20	7.9	3.3	10	221	39.3	2	138	82	96	60	38	154	1463	9	76	3	981	-	-	-	20	0	
*Camanzo	11.9	17.42	27.2	20	7.1	1.6	11	148	34.1	2	59	79	95	56	41	165	1559	7	75	3	988	-	-	-	18	0	
Cangas-Porto	13.3	16.64	28.1	20	10.4	5.2	11	176	33.2	8	-	75	89	59	-	-	-	12	75	3	-	-	-	-	17	0	
Castro Vicaludo	10.5	13.76	24.5	20	7.8	3.6	10	200	34.9	8	123	84	96	68	42	170	1552	20	88	3	956	-	-	-	18	0	
Castrove	10.9	15.46	28.9	20	7.4	3.1	11	243	50.1	6	165	84	96	65	37	149	1456	11	72	26	962	-	-	-	18	0	
*Cequelifios	12.8	19.04	30.6	24	8.2	1.7	11	150	26.2	10	52	78	96	50	43	171	1592	9	63	3	-	-	-	-	17	0	
Corón	13.0	16.68	26.0	20	10.0	4.3	11	171	31.8	6	73	77	91	58	51	203	1719	17	86	3	1011	-	-	-	18	0	
*Entenza	13.0	19.01	29.2	24	8.1	0.8	11	196	35.2	6	107	81	98	56	38	153	1516	2	45	3	-	-	-	-	16	0	
Fornelos de Montes	9.7	13.63	24.5	24	6.4	0.3	10	365	66.6	2	285	80	92	62	36	145	1392	18	91	3	931	-	-	-	19	0	
Illas Cíes	13.0	15.84	26.0	20	10.5	5.7	11	147	33.0	8	53	82	94	68	53	212	1801	15	85	3	-	-	-	-	17	0	
Lalín	9.9	15.15	24.7	24	5.3	-0.1	11	142	21.0	20	-	80	96	55	-	-	-	10	77	3	-	-	-	-	18	1	
*Louredo	11.8	17.1	27.8	20	8.0	2.8	11	233	45.5	2	-	85	97	63	-	-	-	3	31	25	983	-	-	-	17	0	
Lourizán	13.2	18.38	29.9	20	8.8	1.7	11	182	29.7	6	97	84	99	61	38	153	1485	3	50	3	1006	-	-	-	18	0	
Lourizán	13.2	18.38	29.9	20	8.8	1.7	11	182	29.7	6	97	84	99	61	38	153	1485	3	50	3	1006	-	-	-	18	0	
*Meder	13.2	18.8	29.7	24	8.6	1.8	11	196	30.6	2	-	71	88	48	-	-	-	3	42	3	995	-	-	-	17	0	
Monte Aloia	10.7	15.64	28.3	20	7.3	2.4	11	239	42.9	8	159	85	97	68	37	149	1487	10	77	3	957	-	-	-	17	0	
Mouriscade	10.0	15.98	25.3	24	4.1	-0.2	10	140	22.6	6	53	80	90	64	44	175	1625	9	78	3	954	-	-	-	19	2	
O Viso	12.0	18.23	29.4	20	7.8	2.5	11	222	41.2	8	133	79	94	58	40	162	1501	11	82	3	981	-	-	-	18	0	
Ons	12.3	15.45	24.3	20	9.8	5.9	10	164	27.8	2	76	85	97	70	56	224	1881	23	95	3	998	-	-	-	18	0	
*Pé Redondo	12.9	17.54	28.2	20	9.3	4.0	11	233	46.2	2	151	82	95	63	36	146	1391	5	66	3	-	-	-	-	18	0	
Pereira	9.0	13.73	24.6	20	5.0	0.5	10	233	41.2	6	-	87	99	65	45	179	1603	-	-	-	929	-	-	-	18	0	
*Ponte Caldelas	11.6	15.98	26.0	20	7.4	1.2	11	218	40.4	6	127	75	90	56	42	171	1518	8	62	3	970	-	-	-	17	0	
Pontevedra-Campolongo	13.8	19.52	30.9	20	9.1	2.2	11	200	34.4	6	-	76	94	52	-	-	-	4	61	3	-	-	-	-	18	0	
Queimadelos	12.1	18.11	30.3	24	7.8	2.1	11	212	32.6	6	--	--	--	53	23	94	1144	1	48	25	970	-	-	-	17	0	
Rebordelo	11.0	16.45	27.8	20	5.9	-0.2	11	243	34.3	4	-	82	98	58	40	160	1452	-	-	-	970	-	-	-	19	1	
Sanxenxo	13.2	17.54	28.8	20	9.5	4.3	11	215	38.6	6	122	77	91	58	44	178	1570	6	64	3	1008	-	-	-	18	0	
Serra do Faro	7.5	12.17	24.3	24	4.0	-0.4	10	190	54.7	2	117	83	95	62	39	157	1487	21	91	3	898	-	-	-	18	3	
*Simes	12.9	17.99	29.3	20	8.4	2.7	11	197	39.2	6	-	80	95	61	44	179	1625	-	-	-	-	-	-	-	18	0	
*Soutomaior	12.6	17.37	28.3	20	8.6	3.4	11	232	41.4	6	-	71	86	53	-	-	-	11	55	3	992	-	-	-	18	0	
*Torrequeintás	13.0	17.78	28.7	20	8.7	1.5	11	202	42.2	2	112	72	86	52	41	159	1494	7	72	3	1004	-	-	-	18	0	

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2018 Mes: 4

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Tremoedo	12.6	17.18	27.9	20	8.5	1.2	11	203	42.5	2	-	80	95	59	-	-	-	5	61	3	1004	17	0		
Vigo	13.3	17.76	29.5	20	9.6	3.9	11	175	28.7	3	-	77	93	57	-	-	-	-	-	-	-	18	0		
Vigo-Campus	11.1	14.48	25.1	20	8.2	4.0	10	230	44.4	8	138	78	93	58	45	182	1632	10	77	3	958	17	0		
Xesteiras	8.6	12.31	23.9	20	5.5	0.5	10	262	51.1	2	-	87	98	69	-	-	-	27	127	3	-	20	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.